

A ESCOLA DA VIDA

Non fales con estraños

13.02.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Unha das moitas consignas de toda a vida que lles dan os pais aos seus fillos é aquela que di: "Non fales con estraños". E os seus fillos, sempre obedientes eles, fan o que lles parece. E a verdade é que unha cousa é dicir o que hai que facer e outra moi distinta é seguir o instinto. E o instinto, ou a conciencia, dita as persoas o que pode ou debe ser o correcto en cada momento. Pois, que sería de nosoutros se nunca falásemos con ninguén que non coñecemos? Pois que, no mellor dos casos, só nos relacionaríamos coas persoas que nos presentasen os nosos pais. Parece ridículo. Por ese motivo, cando unha estatística di que un 56% dos adolescentes españois tiveron contactos con descoñecidos en internet, e o 76% deles responderon que o fixeron por curiosidade, non podemos esgazar as vestiduras.

Outra cousa é advertilos dos riscos que corren ou cales son os datos que poden dar. E aquí entra, outra vez, a conciencia en xogo, xa que as persoas, en primeira instancia, obramos con cautela ante as persoas que non coñecemos ou ante situacións novas, seguindo aquela norma non escrita de que a confianza hai que gañala. É neste punto onde verdadeiramente principian os temores dos pais, e onde os mozos e as mozas adquiren realmente a súa experiencia para acadaren a súa madurez no campo das relacións sociais.

Nunha canle norteamericana emiten un programa que pon o engano dunha moza de trece anos que inicia contactos con estraños nun chat. Tras ter unha conversa na que aparecen engados sexuais entre ela e o descoñecido, esta convidao a ir á súa casa. Unha vez alí, a persoa encóntrase con que todo estaba preparado para acusalo de pederasta ante as cámaras de televisión en vivo, e consumir unha detención policial en directo. Estes son os realities shows á americana. Unha cousa é a incitación ou a provocación para que ocorra un delito e outra que os mozos obren con perfidia nas súas vidas buscando mergullarse en problemas.

Hoxe, que ninguén deixa a porta aberta como se facía noutras épocas, é unha evidencia. Por iso, os pais e educadores queremos que os mozos sexan precavidos ante as novas situacións, xa sexa na rúa ou no océano proceloso de internet. Non está de máis aconsellalos, pero ver soamente escuras intencións nos demais é querer crear mozos paranoicos e esquivos.